XUNTA DE GALICIA

Algalia de Abaixo, 24 Baixo
Tfno: 981 541 601 / 2
Fax: 981 541 610
http://cgrl.gal
presidencia.cgrl@xunta.gal

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

ACTA DA COMISIÓN PARITARIA DO CONVENIO COLECTIVO DA HOSTALERÍA DA PROVINCIA DA CORUÑA

En Santiago de Compostela, a 5 de novembro de 2026 ás 11.45h, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, reúnense as persoas que a continuación se relacionan, que integran a Comisión Paritaria do Convenio colectivo da hostalería da provincia da Coruña:

Parte empresarial:
Esteban Iglesias Martínez (Unión Hotelera Compostela)
Agustín Collazos Martín (Asociación Empresarial de Hospedaxe de A Coruña-Hospeco)
Carlos Rodríguez Núñez (Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería de A Coruña)
Emilio Vázquez Rey (Asociación de Empresarios de Hostalería de Ferrol e Comarcas)

Parte Sindical:
Juan Manuel Carreira García (UGT)
Ángel Fernández Pintor (UGT)
José Francisco Mirás Pérez (CCOO)
Pablo Fragoso Dacosta (CIG)
Almudena Castro González (CIG)
Rubén Duruelo Cuerdo (CIG)

O obxecto desta xuntaza é proceder a análise e resposta das consultas recibidas en relación con determinadas cuestións recollidas no Convenio colectivo do sector de hostalería da provincia da Coruña.
Logo do oportuno debate e exposición de posturas e pareceres procede reflectir en Acta o seguinte:

Primeiro.- "Paga" única de 500€.
Con respecto ás consultas da "paga" única de 500€ establecida no artigo 6 do convenio colectivo, esta Comisión Paritaria aclara que a dita "paga" non se corresponde cun incremento salarial correspondente ao ano 2025. Por iso, estes 500€ non son aplicables ás táboas salariais, e polo tanto, estes 500€ soamente serán compensables con aquelas cantidades aboadas ao longo do 2025 a conta de convenio.

A dita "paga" aboarase igualmente aos traballadores que estaban en situación de IT ao longo do 2025 e a aqueles traballadores que tiveran vixentes os seus contratos no ano 2025 e será proporcional ao tempo do contrato e á xornada

Segundo.- Plus de transporte.
Con respecto ás cuestións referidas ao plus de transporte, esta Comisión Paritaria aclara que o dito plus non é compensable con outros conceptos salariais.

Con respecto ao resto de consultas referidas ao plus de transporte, debatidas nesta xuntanza, esta Comisión Paritaria remítese ao tenor literal do artigo 6. Bis do Convenio Colectivo.

CCOO CIG UGT UHC HOSTECO

Terceiro.- Resto de consultas.
En relación ao resto de consultas, esta Comisión Paritaria acorda remitirse ao tenor literal do texto do Convenio Colectivo.

Cuarto.- As partes delegan no persoal habilitado do Consello Galego de Relacións Laborais a realización do trámites de rexistro, deposito e publicación desta Acta ante a Autoridade laboral competente.

Non tendo máis asuntos que tratar, levántase a reunión, sendo as 14.00 horas do día sinalado no encabezado, estendéndose ao efecto a presente Acta que asinan, en proba de conformidade, as persoas abaixo relacionadas en representación de cada unha das organizacións presentes.

Esteban Iglesias Martínez (en representación de Unión Hotelera Compostela)	Agustín Collazos Martín (en representación de Asociación Empresarial de Hospedaxe de A Coruña-Hospeco)
Carlos Rodríguez Núñez (en representación de Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería de A Coruña)	Emilio Vázquez Rey (en representación de Asociación de Empresarios de Hostalería de Ferrol e Comarcas)
Rubén Duruelo Cuerdo (en representación de CIG)	Ángel Fernández Pintor (en representación de UGT)
José Francisco Mirás Pérez (en representación de CCOO)	